

Tringa ochropus Linnaeus, 1758

	bilurico alinegro
	andarríos grande
	kuliska iluna
	xivita, xerlovita
	green sandpiper
	maçarico-bique-bique



FILO	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Chordata	Aves	Charadriiformes	Scolopacidae	<i>Tringa</i>



ESTADO DE CONSERVACIÓN



MEDIDAS CORPORAIS

Peso	75-85 g
Lonxitude	20-24 cm
Envergadura	57-61 cm

ALIMENTACIÓN

Invertebrados acuáticos e pequenos peixes.

COMPORTEMENTO

Son animais diúrnos e solitarios, inda que en ocasións poden xuntarse en pequenos grupos. Ten comportamento migratorio en toda a súa distribución, invernano en zonas máis cálidas. A viaxe realízano dentro do posible sobrevoando augas interiores.

REPRODUCCIÓN

O período de celo dáse durante a primavera. Fórmanse parellas novas cada ano. Poñen 2-4 ovos entre abril e maio, que ambos pais incuban durante 20-23 días. A cría pode abandonar o niño axiña, voa ás 4 semanas e acada a madurez sexual aos 28 días.

HÁBITAT

Pantanos e bosques nos arredores de encoros, lagoas e ríos.

DISTRIBUCIÓN

Cría en norte e centro de Europa e metade norte de Asia agás polo norte de Rusia. Inverna no sur de Europa, incluíndo as illas Baleares, Sardeña, Creta e Chipre; no Magreb, o norte de Exipto, arredores do Nilo, Canarias e África subsahariana agás polas rexións máis meridionais; Anatolia, as costas do Levante e Arabia, India, Sri Lanka, Indochina, sueste de China, sur de Xapón, Hainan, Taiwán, norte de Filipinas e norte de Borneo.

CURIOSIDADES

No canto de construír os seus propios niños nas árbores, empregan algún anteriormente empregado por esquiños ou tordos.

Non aniña en España, vindo á península soamente para pasar o inverno ou parando como lugar de paso durante a súa migración.